



Achégase padrón/s, en formato dixital, das **Taxas e Prezos Públicos** que máis adiante se detallan, correspondentes ao **CONCELLO DE CAMBADOS**, pregando a súa exposición nese Concello durante o prazo indicado no anuncio de exposición pública e cobranza que tamén se achega, isto é, **do 04 de febreiro ata o 01 de marzo de 2019, ámbolos dous inclusive**, así como o envío do referido anuncio aos alcaldes de barrio do municipio a fin de que os publiquen nos lugares de costume nas respectivas parroquias.


CONCEPTO/S	Período/exercicio
Letreiros, Entrada de Vehículos, Escaparates, Vados, Elementos de Construción Pechados, Balcóns, Terrazas e Marquesiñas, Toldos, Paraventos e semellantes	1º Cuadrimestre 2019
Recollida Lixo	1º Cuadrimestre 2019

Prégolle, ó mesmo tempo, en cumprimento do disposto no artigo 24 do vixente Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo), que ordene a publicación do anuncio no taboleiro de editos da Casa do Concello e a súa remisión ó remate do período voluntario de cobranza, con dilixencia de ter sido exposto, á dirección de xestión de servizos do ORAL.

Pontevedra, 25 de xaneiro do 2019



A directora de xestión de servizos do ORAL,
 (RP 2018024866, de 27/12/2018)



María Inmaculada Viña Carregal

CAMBADOS
 REXISTRO ENTRADA
 2019-E-RC-550
 29/01/2019 10:32



P.D.:

- Lembrámoslle que é posible tamén acceder aos datos do padrón, pola/s persoa/s autorizada/s a través da páxina web <http://doc.oral.depo.gal>
- Estamos a súa disposición para calquera actuación, axuda técnica, etc., que puidesen precisar.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE CAMBADOS

ANUNCIO

CONCELLO DE CAMBADOS

**EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA EN VOLUNTARIA DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS POR:
Letreiros, Entrada de Vehículos, Escaparates, Vados, Elementos de Construción Pechados, Balcóns,
Terrazas e Marquesiñas, Toldos, Paraventos e semellantes do 1º Cuadrimestre 2019.
Recollida Lixo do 1º Cuadrimestre 2019.**

Aprobados pola Tesourería da Deputación Provincial de Pontevedra – ORAL os padróns das Taxas e Prezos Públicos detallados no encabezamento, **poranse ó dispor do público no Concello de CAMBADOS, dende o día 04 de febreiro ao 01 de marzo de 2019, ambas as datas incluídas**, podendo os interesados examinalos durante o dito período e, no seu caso, **presentar no prazo dun mes dende o 04 de marzo de 2019, recurso de reposición** previo ó contencioso-administrativo **perante a Tesourería do ORAL** – Deputación Provincial de Pontevedra (artigo 24 de Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais –ORAL- da Deputación de Pontevedra, BOP de Pontevedra de 30/04/2013, e artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais). **Contra a repercusión, no seu caso, do canon da auga ou saneamento e coeficiente de vertedura da Xunta de Galicia, poderá interpoñerse reclamación económica-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende o 04 de marzo de 2019.**


O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.




De conformidade co previsto no artigo 25 da Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais – ORAL, en relación co artigo 62.3 da Lei 58/2003 xeral tributaria e cos artigos 23, 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, de 29 de xullo de 2005, comunicaselles ós contribuíntes afectados que **o período voluntario de cobranza das Taxas e Prezos Públicos indicadas, para o Concello de CAMBADOS, será do 04 de febreiro ao 04 de abril de 2019, ámbalas dúas datas inclusive, rematando o día 04 de abril de 2019.**

As Taxas poderán satisfacerse a través de calquera entidade bancaria colaboradora, na Oficina Virtual Tributaria (OVT) do ORAL (<https://ovt.depo.es/>) ou a través de calquera modo autorizado legalmente, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. No caso de perda do devandito instrumento o obrigado ó pagamento poderá, **ata o día 04 de abril de 2019**, obter un duplicado nos Servizos Centrais - Servizo de Recadación (Avda. de Marín, 9-11. Telf. 986 859 993. - 36071 Pontevedra) ou na Oficina Periférica máis próxima ó seu domicilio.

Os contribuíntes que o día 15 de marzo de 2019 non recibiran nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán de prazo ata o 04 de abril de 2019 para os solicitar na oficina indicada e efectuaren o pagamento nas entidades bancarias colaboradoras, posto que **a non recepción non exonera da obriga do pagamento nin impide a utilización da vía de prema.**


O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles, tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria. Dito procedemento executivo, no caso do canon da auga ou saneamento ou coeficiente de vertedura será levado a cabo pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Pontevedra, 25 de xaneiro do 2019
O tesoureiro,
P.A.; A tesoureira accidental,
(R.P. Nº 2018012953 de fecha 29/06/2018)

María José Pérez Álvarez



CAMBADOS	1º Cuadrimestre 2019	Recollida Lixo
CAMBADOS	1º Cuadrimestre 2019	Letireiros, Entrada de Vehiculos, Escaparates, Vados, Elementos de Construción Pechados, Balcóns, Terrazas e Marquesinas, Toldos, Paraventos e semellantes

6006

ESPAÑA 	FRANQUEO PAGADO
Art. n.º 150493	

28 ENE 1919

NOTIFICACIÓN
INFORMATIZADA

ILMO. CONCELO DE CAMBADOS
PRAZA DO CONCELO S/N

36630 CAMBADOS
PONTEVEDRA



NT360000018255000000013